



biblioteca virtual
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

A SEÑORITA BRILL

Katherine Mansfield

Tradución ó galego: María Ana Valladares Fernández

Título orixinal: Miss Brill



© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2007
© da tradución, María Ana Valladares Fernández, 2007

Aínda que o día era tan esplendidamente bo —o azul do ceo espaxado de ouro e grandes focos de luz como uvas brancas que zarrapicaban *os Jardins Publiques*— a señorita Brill estaba contenta por terse decidido pola pel. O aire estaba inmóbil, pero cando un abría a boca notábase un pouquiño de frío, como o frío procedente dun vaso de auga xeadá antes de sorbela, e de cando en vez chegaba flotando unha folla, de ningures, dende o ceo. A señorita Brill ergueu a man e tocou a pel. Que marabilla! Era agradable volver a sentila. Sacáraa da caixa aquela tarde, quitáralle as bólas de naftalina, déralle un bo cepillado e devolvéralle a vida aos sombríos olliños, fregándoos. Que me está pasando?, dicían os tristes olliños? Que agradable era volvelos a ver espreitándaos dende o edredón vermello...! Pero o nariz, feito con algún compoñente negro, non estaba nada firme. Debera ser algún golpe que ela descoñecía. Non importaba, un pouquiño de lacre negro cando chegase o momento, cando fose absolutamente necesario ... Ai, pillabanciño! Si, iso era o que realmente sentía. Un pillabanciño que se mordía a cola xunto á súa orella esquerda. Tería sido capaz de quitalo, poñelo no colo e acaricialo. Sentía un formigo nas mans e nos brazos, pero era de camiñar, supuxo. E cando respiraba, algo lixeiro e triste —non, non exactamente triste— algo suave parecía moverse no seu peito.

Aquela tarde había moita xente fóra, bastante máis que o domingo anterior. E a orquestra soaba máis alegre e estrondosa porque empezara a tempada. Porque aínda que a banda tocaba todos os domingos ao longo do ano, fóra de tempada nunca era o mesmo. Era coma se alguén tocara para que só unha familia escoitase; non importaba como se tocaba cando non había ningún estraño presente. Seica o director levaba unha americana nova? Ela estaba segura de que era nova. Fregou os pés e sacudiu os brazos como un galo a piques de cacarexar, e os músicos, sentados no quiosco verde, incharon as meixelas e fitaron as partituras. Agora un pouquiño de fruta —fermosísimo!—, unha pequena cadea de refulxentes descensos. Estaba segura de que se repetiría. Así foi; ela ergueu a cabeza e sorriu.

Só outras dúas persoas compartían o seu asento “especial”: un agradable ancián cun abrigo de veludo, tiña as mans agarradas sobre un enorme bastón tallado, e unha anciá mangallona que sentaba moi dereita, coa calceta enrolada sobre o mandil bordado. Non falaban. Isto foi unha decepción xa que a señorita Brill sempre devecía pola conversa. Convertérase realmente en toda unha experta, pensou, en escoitar coma se non escoitase, en asistir á vida doutra xente durante un intre, mentres falaban ao seu redor.

Mirou de esguello á parella de anciáns. Quizais marcharían axiña. O último domingo tampouco fora tan interesante como de costume. Un inglés e a súa esposa, el cun horripilante sombreiro Panama e ela con botíns. E a muller pasara todo o tempo coa cantilena de que debería levar lentes; sabía que as necesitaba; pero que de nada servía poñelas; seguramente se lle ían romper e non se lle manterían fixas. E el fora tan paciente. Suxeriu de todo: monturas de ouro, desas que fan a curva das orellas, pequenas almofadas dentro da ponte. Pero non, nada lle satisfacía. “Sempre escorregarán polo meu nariz.” Á señorita Brill houbera de darlle unha boa sacudida.

Os anciáns estaban sentados no banco, inmóbiles como estatuas. Non importaba, sempre había un xentío a quen mirar. Dun lado ao outro, en fronte dos macizos de flores e do quiosco da orquestra, paseaban parellas e grupos, paraban a charlar, a saudarse, a comprarlle un ramiño de flores ao vello esmoleiro que tiña a canastra colgada da varanda. Algúns nenos pequenos corrían polo medio, empurrándose e rindo; rapaciños con grandes lazos de seda branca baixo o queixo, e rapaciñas, bonequiñas francesas, vestidas de veludo e puntillas. E ás veces algún pequecho cambaleante aparecía abaneándose por entre as árbores, detíñase, miraba, e de súpeto caía sentado ata que a súa pequena nai de altos tacóns corría, como unha galiña nova, ao seu rescate rifándolle. Outra xente estaba sentada nos bancos e nas cadeiras verdes, pero estes eran case sempre os mesmos, un domingo tras outro e —a señorita Brill xa o notara a miúdo— había en case todos eles algún detalle divertido. Eran raros, silenciosos, anciáns case todos e, polo modo como miraban, parecía como se acabasen de saír de cuartiños escuros ou mesmo... mesmo de armarios!

Detrás do quiosco esveltas árbores de follas amarelentas pendían cara abaixo, e a través delas percibíase a liña do mar, e máis alá o ceo azul con nubes con vetas de ouro.

Tum-tum-tum, ta-ta-tararí, pachín, pachán, ta-ti-tirirí pim pum!, tocaba a banda.

Dúas mozas vestidas de cor vermella pasaron e dous soldados novos de uniforme azul xuntáronse con elas, riron e formaron parella, e marcharon collidos do brazo. Dúas mulleres do campo, con graciosos sombreiros de palla, pasaron con seriedade levando uns fermosos burros de cor afumada. Unha monxa fría e pálida pasou ás carreiras. Unha muller fermosa achegábase e caeulle o seu ramallete de violetas e un rapaciño correu detrás dela para darllas; ela colleuna e tirounas, coma se estivesen envelenadas. Recoiro! A señorita Brill non sabía se admirar ou non aquilo! E agora reuníronse xusto diante dela unha toca de armiño e un cabaleiro vestido de gris. El era alto, estirado, maxestoso, e ela levaba a toca de armiño que comprara cando tiña o pelo louro. Agora todo, o pelo, o rostro, ata os ollos, eran da mesma cor que aquel murchado armiño, e a súa man, dentro da luva limpada, que alzaba para tocarse os beizos, e era unha diminuta pata amarelenta. Oh, estaba tan contenta de volver a velo... estaba encantada! Tivera a impresión de que se ían atopar aquela tarde. Describiu onde estivera: por todas partes, aquí e alí, e no mar. Era un día tan maravilloso, non lle parecía? E non lle parecía que quizais...? Pero el negou coa cabeza, acendeu un cigarro e soltou devagar unha gran bafarada de fume no seu rostro, e mesmo mentres a muller continuaba falando e rindo, apagou o misto cun movemento rápido e continuou camiñando. A toca de armiño estaba soa; ela sorriu con máis alegría que nunca. Pero mesmo a banda pareceu saber o que estaba a sentir e tocou máis suavemente, con tenrura mentres o tambor redobraba unha e outra vez: “O bruto! O bruto!”. Que ía facer? Que ía acontecer agora? Pero mentres a señorita se preguntaba isto a toca de armiño xirouse, levantou unha man, coma se vise algún coñecido, máis agradable, por alí, e marchou con andar lixeiro. E a banda cambiou de ritmo outra vez e tocou con máis lixeireza e alegría, e a parella de anciáns que sentaba ao carón da señorita Brill levantouse e marchou, e un vello divertidísimo con longas patillas que coxeaba ao compás da música case cae atropelado por catro rapazas que camiñaban á par.

Oh que fascinante era aquilo! Como gozaba! Como lle gustaba sentar alí observándoo todo! Era coma ir ao teatro. Talmente como ir ao teatro. Quen podería crer que o ceo do fondo non estaba pintado? Pero non foi ata que un canciño de cor castaña pasou cun trote solemne e logo se afastou trotando devagar, como un pequeno can de

“teatro”, como un can drogado, cando a señorita Brill descubriu que era o que facía todo tan excitante. Estaban todos sobre un escenario. Non era simplemente o público, que só miraba; estaban a actuar. Mesmo ela tiña un papel e viña todos os domingos. Abofé que alguén se decatara se ela non estivese alí; despois de todo ela tamén era parte daquela representación. Que estraño que non se lle ocorrera isto antes! E, non obstante, iso explicaba por que non deixaba de saír de casa sempre á mesma hora, todos os domingos, para non chegar tarde á función, e tamén explicaba por que tiña aquela estraña e tímida sensación cando lles contaba aos seus alumnos de inglés, como pasaba as tardes dos domingos. Claro! A señorita Brill case se botou a rir en alto. Estaba no escenario. Pensou no ancián cabaleiro inválido a quen lle lía o xornal catro tardes por semana mentres el durmía no xardín. Xa se afixera a ver a súa fráxil cabeza sobre a almofada de algodón, os ollos afundidos, a boca aberta e o nariz recachado. Se morrese podería tardar semanas en descubri-lo; non se decatara. Pero de súpeto descubriu que quen lle lía o xornal era unha actriz. “Unha actriz!” A súa vella cabeza incorporouse; dúas luces pestanexaron dentro dos seus vellos ollos. “É vostede unha actriz?”, e a señorita Brill alisou o xornal coma se fose o libreto coa súa parte e respondeu amablemente: “Si, fun actriz durante moito tempo”.

A orquestra estivera facendo un descanso. Agora empezaban de novo. Tocaban algo cálido, alegre, pero, ía un frío case imperceptible —un algo, que sería?; non, non era tristura —un algo que facía que un quixese cantar. A melodía elevábase e elevábase, a luz resplandecía; e á señorita Brill pareceulle que dentro dun momento todos, toda a compañía, rompería a cantar. Os mozos, os que rían mentres paseaban, empezaría, e as voces dos homes, resoltas e valentes, uniríanse a eles. E despois ela tamén, ela e os dos bancos, —tamén se sumarían cunha especie de acompañamento—, algo grave, que apenas subiría nin descendería, algo tan fermoso, tan conmovedor... E os ollos da señorita Brill enchéronse de bágoas e mirou sorrindo os outros membros da compañía. “Si, comprendémolo, comprendémolo”, pensou, aínda que non sabía que era o que comprendían.

Xusto naquel momento un rapaz e unha rapaza sentaron onde estivera o ancián matrimonio. Ían moi ben vestidos; estaban namorados. O heroe e a heroína, dende logo,

que acababan de baixar do iate do pai del. E aínda cantando en silencio, aínda con aquel sorriso, a señorita Brill dispúxose a escoitar.

—Non, agora non —dixo a rapaza—. Non aquí, non podo.

—Pero ¿por que? Non será por esa cousa vella e estúpida que está sentada aí? —preguntou o rapaz—. Por que diaños ten que vir aquí?, quen a quere? Por que non quedará co seu vello e estúpido careto na casa?

—O máis divertido é a súa pel —dixo a rapaza cunha risiña sufocada—. Parece talmente unha pescada frita.

—Bah!, fóra de aquí! —murmurou o rapaz anoxado—. Dime, *ma petite chère*...

—Non, aquí non —dixo a rapaza—. Aínda non.

De camiño á súa casa adoitaba comprar un anaco de pastel de mel na pastelería. Era o seu capricho dos domingos. Unha veces tocáballe unha améndoa no seu anaco, outras non. Había unha gran diferenza. Se había unha améndoa era como volver á casa cun pequeno agasallo —unha sorpresa—, con algo que podería non estar alí perfectamente. Os domingos corría á casa coa améndoa e acendía o misto para teteira dun xeito algo precipitado.

Pero hoxe non se detivo na pastelería, subiu as escaleiras, entrou nun cuartiño escuro —a súa habitación, que parecía un armario— e sentou no edredón vermello. Estivo alí sentada durante un longo anaco. A caixa da que saíra a pel estaba sobre a cama. Desabrochou rapidamente a estola; e rapidamente, sen mirar, volveu a gardala. Pero cando lle colocou a tapa enriba pareceulle que algo choraba.